

# OBRADOIRO DE INTERPRETACIÓN EN INGLÉS PARA ACTORES

(Do 10 ao 27 de Novembro de 2009)

---

Impartido por Kevin Stewart, Director Artístico de KATARSIS, Educación e Teatro S.L. (actor e director canadense, diplomado en Arte Dramático pola Escola de Arte Dramático de Niágara). Antigo Co-Director Artístico de Theatre Beyond Words de Canadá

Coa asistencia de Carolina Ramos, Directora de Educación de KATARSIS, Educación e Teatro S.L. (licenciada en Arte Dramático pola Universidade de Saint Mary, EEUU).

## **Obxectivos:**

- Aprender a comunicarse na lingua inglesa.
- Preparar un monólogo en inglés para facer en audicións ou probas profesionais.

A través de textos dramáticos en versión orixinal de William Shakespeare os participantes poderán practicar o idioma anglófono ao mesmo tempo que engadir ao seu repertorio de audicións un monólogo clásico en inglés.

O obradoiro rematará cunha clase aberta na que se representarán os monólogos.

## **Metodoloxía:**

**Inmersión na lingua:** Trátase de impartir un obradoiro de iniciación á interpretación de textos de Shakespeare tal e como se os participantes estivesen a recibilo nun país de lingua inglesa. Polo tanto as clases se impartirán sempre en inglés potenciando unha aprendizaxe por asociación e por experiencia adquirida.

**Gramática vs. Dramática:** Non se tomará ningún enfoque gramático máis que o necesario para a explicación de posibles dúbidas, xa que a meta é chegar a interpretar un monólogo en inglés, coas implicacións que esto conleva (construción da personaxe, comprensión do texto, liñas de pensamento da personaxe, contexto e circunstancias da acción, etc.).

**“Darse a entender”:** Non se pretenderá atender á fonética do idioma de maneira detallista, nin se pautarán acentos específicos propios da lingua (británico, americán, escocés, australiano...), así tampouco pretendemos acadar unha pronunciación nativa ou case nativa. Buscamos o entendimento, a pronunciación da lingua clara e cristalina, sin importar o acento.

## **Contidos:**

Quencemento (exercicios vocais, expresión corporal e relaxación); lectura e análise de textos; os sonetos; as obras dramáticas (Macbeth, Hamlet, Midsummer, Twelfth Night,

Organiza



Patrocina



Othelo, Much Ado about nothing, Taming of the shrew, entre outras); selección de personaxes e monólogos; ensaios; presentacións.

**Datas e Duración** : Do **10 ao 27 de Novembro**, 35 Horas repartidas en 3 fases

**Primera fase** – 9 horas

Martes 10 Novembro – 3 horas de 10 a 13 horas

Mércores 11 Novembro – 3 horas de 10 a 13 horas

Xoves 12 Novembro – 3 horas de 10 a 13 horas

**Segunda fase** – 15 horas

Martes 17 Novembro – 5 horas de 10 a 15 horas

Mércores 18 Novembro - 5 horas de 10 a 15 horas

Xoves 19 Novembro – 5 horas de 10 a 15 horas

**Terceira fase** – 11 horas

Mércores 25 Novembro – 3 horas de 10 a 13 horas

Xoves 26 Novembro – 5 horas de 10 a 15:00 horas

Venres 27 Novembro – 3 horas no FORUM METROPOLITANO de 17:00 a 20:00

**Lugar**: A Coruña.Sala Katarsys, zona Ronda de Outeiro

**Prazas**: 20

**Prezo**: 100 Euros para socios de AAAG e AISGE. No caso de non socios o importe será de 150 Euros

**Inscripción**: Do **19 ao 30 de Outubro de 2009** mediante a presentación do formulario de inscrición anexo debidamente cuberto adxuntando curriculum vitae e fotografía recente.

Nota: Os socios de AAAG que teñan actualizado o seus materiais no Catálogo on-line da AAAG [www.aaag.es/catalogodeactores/index](http://www.aaag.es/catalogodeactores/index) non será necesario que envíen de novo o CV. Aqueles que non o teñades actualizado podedes aproveitar para facelo.

**Selección de candidatos**: A selección realizarase polos docentes en base ao curriculum e aos requisitos desta convocatoria, tendo preferencia os socios de AAAG-AISGE

Comunicarase telefónicamente a cada candidato seleccionado antes do día **03 de Novembro de 2009**

**Reserva de plaza**: Os candidatos seleccionados deberán ingresar o importe do curso antes do día 6 de Novembro . No caso de anulación da reserva a organización non se compromete á devolución do importe da mesma se a plaza non se cubre

**Forma de pago**: Transferencia bancaria no nº de CC de Caixa Galicia:

2091 0348 15 3040009198 indicando no concepto nome do alumno e nome do curso

Organiza



Patrocina

